

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 29 de setembro de 2017

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
M^a José Caride Estévez
D. Cayetano Rodríguez Escudero.
D^a. Olga Alonso Suárez
D. Angel Rivas González.
D. Jaime Aneiros Pereira.

NON ASISTEN:

D^a M^a. Carmen Silva Rego
D. David Regades Fernández
D. Carlos López Font
D^a. M^a. Isaura Abelairas Rodríguez

Na Casa do Concello de Vigo, ás doce horas e quince minutos do día vinte e nove de setembro de dous mil dezasete e baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Alonso Suárez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, a interventor xeral adxunta, Sra. Gómez Corbal, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(1013).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.

A Xunta de Goberno local ratifica a urxencia da sesión.

2(1014).- CLASIFICACIÓN DE OFERTAS PARA A CONTRATACIÓN DOS SERVICIOS PARA A INSTALACIÓN DE ELEMENTOS VEXETAIS E NON VEXETAIS PARA A DECORACIÓN DO NADAL. EXPTE. 4526/106.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta da proposta asinada con data 28/09/17 pola secretaria da Mesa de Contratación, que di o seguinte:

A Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na súa sesión de data 28 de setembro de 2017, realizou entre outras, as seguintes actuacións:

10.- Propostas de clasificación

a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos para a instalación de elementos vexetais e non vexetais para a decoración do Nadal (4.526-106)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª TRLCSP), a adopción do seguinte acordo:

“Primeiro.- Dar conta da exclusión acordadas pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na sesión do 21 de setembro de 2017 de LA FIESTA ESCÉNICA por incorporar ao sobre B *“documentos acreditativos dos criterios que poidan valorarse mediante cifras ou porcentaxes obtidos a través da aplicación de fórmulas previstas no apartado 8.B da FEC”* (cláusula 13.5B do prego de cláusulas administrativas particulares).

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación dos servizos para a instalación de elementos vexetais e non vexetais para a decoración do Nadal (4.526-106) na seguinte orde descendente:

Licitador	Puntuación
ENTERTAINMENT AND LEISURE TECHNOLOGY, S.L.	98 puntos

Terceiro.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, ENTERTAINMENT AND LEISURE TECHNOLOGY, S.L., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. Certificacións de estar ao corrente das súas obrigas tributarias co Estado, coa Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.
3. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP). Lémbrese que deberán acreditar a habilitación esixida pola normativa aplicable para as instalacións luminotécnicas e sónicas (apartado 6D do Anexo I -FEC- do PCAP).
4. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Cuarto.- Requirir ao citado licitador o aboamento de 1.007,38 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a precedente proposta.

3(1015).- CONTINUIDADE DOS SERVIZOS DE COLABORACIÓN EN PROCEDEMENTOS DE RECADACIÓN EN PERÍODO EXECUTIVO DE INGRESOS MUNICIPAIS DE DEREITO PÚBLICO E PROCEDEMENTOS SANCIONADORES EN MATERIA DE TRÁFICO. EXPTE. 10075/541.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta de data 29/09/17, asinado pola xefa do Servizo de Contratación, a titular do Servizo de Asesoría Xurídica, a interventora xeral adxunta, e o concelleiro delegado de Contratación, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (LCSP).
- Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSF).
- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeneral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP), no que non se opoña ó TRLCSF.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común (LRJAP).
- Real Decreto - Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/1997, de 22 xullo, de administración local de Galicia (LALGA).
- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación de servizos de colaboración nos procedementos de recadación en período executivo dos ingresos municipais de Dereito Público e nos procedementos sancionadores en materia de tráfico tramitados polo Concello de Vigo (PCAP).
- Prego de prescricións técnicas para a contratación de servizos de colaboración nos procedementos de recadación en período executivo dos ingresos municipais de Dereito Público e nos procedementos sancionadores en materia de tráfico tramitados polo Concello de Vigo (PPT).
- Directiva 2014/24/UE del Parlamento Europeo y del Consejo, de 26 de febreiro de 2014, sobre contratación pública.
- Proxecto de lei de contratos do sector público, aprobado polo Congreso dos Diputados o 2 de agosto de 2017.
- Decreto de 17 de xuño de 1955, polo que se aproba o Regulamento de Servizos das Corporacións Locais (RS).
- Lei 3/2012, de 2 de abril, do deporte de Galicia (LDG).

ANTECEDENTES

Primeiro.- En data 9 de decembro de 2010, a Xunta de Goberno Local (en adiante, XGL), entre outros asuntos, acordou a aprobación do expediente para a contratación do servizo de colaboración nos procedementos de recadación en período executivo dos ingresos municipais

de Dereito Público e nos procedementos sancionadores en materia de tráfico tramitados polo Concello de Vigo (expediente 10075-541), así como a autorización do correspondente gasto e a apertura do procedemento de licitación.

Segundo.- En data 26 de agosto de 2011, a XGL acordou a adxudicación do citado contrato á mercantil SERVICIOS DE COLABORACIÓN INTEGRAL, S.L. Este contrato formalizouse o día 26 de setembro e comezou a súa execución o día 1 de outubro do mesmo ano. O prazo de execución é de 4 anos prorrogable por outros dous. Finalizado o prazo contractual, prorrogouse o contrato por acordos da XGL de datas 22 de maio de 2015 e 10 de xuño de 2016, respectivamente. A última prórroga remata o día 30 de setembro de 2017.

Terceiro.- En data 23 de marzo de 2017, a XGL, entre outros asuntos, acordou a aprobación do expediente de contratación dos servizos de colaboración nos procedementos de recadación en período executivo dos ingresos municipais de Dereito Público, nos procedementos sancionadores da Concellería Delegada de Mobilidade e Seguridade, multas de circulación e liquidacións das taxas practicadas pola retirada e custodia de vehículos no depósito municipal tramitados polo Concello de Vigo por procedemento aberto (expediente 16863-541). Acordo que foi obxecto de rectificación de erros na sesión de 24 de marzo de 2017.

Cuarto.- En data 25 maio de 2017 a Mesa de contratación do Concello de Vigo procedeu á apertura do sobre A: documentación persoal. Trala cualificación da mesma, acordouse:

- Admitir no procedemento a GESTIÓN TRIBUTARIA TERRITORIAL, S.A.U.; UTE ASESORES LOCALES CONSULTORÍA, S.A. e RECERCA I DESENVOLUPAMENT EMPRESARIAL, S.L. (UTE GRUPO AL VIGO) e a LA AUXILIAR DE RECAUDACIÓN, S.L.U.
- Solicitar subsanación da documentación a COORDINADORA DE GESTIÓN DE INGRESOS, S.A. e SERVICIOS DE COLABORACIÓN INTEGRAL, S.L.U.

Quinto.- En data 2 de xuño, a Mesa de contratación, tras revisar a documentación aportada polos licitadores durante o prazo de subsanación acordou:

- Admitir no procedemento a GESTIÓN DE INGRESOS, S.A. e SERVICIOS DE COLABORACIÓN INTEGRAL, S.L.U.

Sexto.- En data 14 de xuño de 2017, a Mesa de contratación, en acto público procedeu á apertura do “sobre B: proposición avaliable mediante xuízo de valor”, e acordou solicitar informe sobre o mesmo ao servizo xestor. O informe técnico do sr. Tesoureiro Municipal, de data 26 de xullo de 2017, é aceptado pola mesa, en sesión de 2 de agosto de 2017.

Sétimo.- En data 3 de agosto de 2017, a Mesa de Contra a Mesa de contratación, en acto público procedeu á apertura do “sobre C: proposición avaliable mediante fórmula”, e acordou solicitar informe sobre o mesmo ao servizo xestor. O informe técnico do sr. Tesoureiro Municipal, de data 7 de agosto de 2017, é aceptado pola mesa, en sesión de 7 de agosto de 2017.

Oitavo.- En fecha 7 de setembro de 2017, a XGL acordou adxudicar a SERVICIOS DE COLABORACIÓN INTEGRAL, S.L.U. (SCI), o citado procedemento. Este acordo foi notificado o mesmo día a todos os licitadores e publicado no perfil de contratante.

Noveno.- En data 18 de setembro de 2017, D. Diego Cambló Giménez, en nome e representación de ASESORES LOCALES CONSULTORIA, S.A, en escrito presentado no Rexistro Xeral do Concello de Vigo, anuncia a interposición de recurso especial en materia de contratación contra a adxudicación do citado procedemento.

Noveno.- En data 28 de setembro de 2017, D. Diego Cambló Giménez, en nome e representación de ASESORES LOCALES CONSULTORIA, S.A, en escrito presentado no Rexistro Xeral do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuales (en diante, TA-CRC), interpón recurso especial en materia de contratación contra a adxudicación do citado procedemento.

Décimo.- En data 29 de setembro de 2017, o TACRC comunica a esta Administración a interposición do citado recurso, e solicítalle a remisión de informe sobre o mesmo xunto co expediente ao e acorda a suspensión do procedemento en tanto non sexa resolto o recurso polo Tribunal.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

-I-

Réxime xurídico aplicable

Os contratos se rexen, en canto ós seus efectos, cumprimento e extinción, incluída a súa duración e réxime de prórrogas, polo establecido no propio contrato e no Prego de cláusulas administrativas particulares e pola lexislación vixente no momento en que foron celebrados (disposición transitoria primeira do TRLCSP e disposición transitoria segunda CC). Así, os contratos que nos ocupan, réxense polas seguintes normas:

–Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público (LCSP).

–Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeneral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP).

–Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público.

-II-

Da finalización do prazo do contrato de servizos de colaboración nos procedementos de recadación en período executivo dos ingresos municipais de Dereito Público e nos procedementos sancionadores en materia de tráfico tramitados polo Concello de Vigo (expediente 10075-541) con carácter previo á formalización do novo contrato que garanta a continuidade do servizo

O contrato de servizos do servizo de colaboración nos procedementos de recadación en período executivo dos ingresos municipais de Dereito Público e nos procedementos sancionadores en materia de tráfico tramitados polo Concello de Vigo (expediente 10075-

541) adxudicóuselle á SERVICIOS DE COLABORACIÓN INTEGRAL, S.L., en data 26 de agosto de 2011, por un prazo un catro anos, comezando a súa execución en data 1 de outubro de 2011. Finalizado o prazo contractual, prorrogouse o contrato por acordos da XGL de datas 22 de maio de 2015 e 10 de xuño de 2016, respectivamente. A última prórroga remata o día 30 de setembro de 2017.

Con carácter previo á finalización deste contrato, aprobouse, por acordo da XGL de 23 de marzo de 2017, un novo expediente de contratación que abrangue as prestacións obxecto do mesmo (16863-5412).

Adxudicado o contrato pola XGL en sesión de data 7 de setembro de 2017, ASESORES LOCALES CONSULTORIA, S.A, impugnan este acordo mediante a interposición de recurso especial en materia de contratación contra esta adjudicación. solicitando expresamente a suspensión do procedemento de contratación ata que se resolva o recurso.

A interposición deste recurso impide a continuación da tramitación do procedemento e a formalización do novo contrato, pois a interposición dun recurso especial contra o acordo de adxudicación suspende automaticamente a tramitación do expediente (artigo 45 do TRLCSP).

Na actualidade, e por mor da suspensión do procedemento de adxudicación do novo contrato non pode garantirse a continuidade na prestación do servizo.

-III-

Necesidade da prestación dos servizos de recadación en período executivo dos ingresos municipais de Dereito Público e nos procedementos sancionadores en materia de tráfico tramitados polo Concello de Vigo ata a adxudicación do novo contrato

O contrato que nos ocupa ten por obxecto diferentes prestacións necesarias para o funcionamento da recadación municipal. Tal e como consta no informe do Tesoureiro municipal de data 29 de setembro de 2017, *“A función pública de recadación, é unha función pública necesaria en tódalas Corporacións locais, e o seu cumprimento, na medida na que implica exercicio de autoridade, está reservado legalmente a persoal suxeito ao Estatuto funcional, o contrato comprende a realización de cantas tarefas de apoio, execución e asistencia se consideren necesarias para tal finalidade.*

Pola razón antes exposta, é necesario que se acorde unha prórroga do contrato coa actual prestadora do servizo entanto non se produza unha resolución por parte do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuales, que garanta a continuidade da prestación do servizo, tendo en consideración que a esta data están en período de cobro os dous padróns de impostos máis importantes (IBI e IAE), que pasarán a procedemento executivo de cobro dentro do ano corrente, e polo que, se non se ten o apoio técnico nas tarefas de cobro, produciríase un parón nos procesos de cobro, que xeraría un grave prexuízo para a Tesourería da Entidade cos efectos sobre os pagamentos.

A empresa SERVICIOS DE COLABORACIÓN INTEGRAL, S.L.U. (SCI), presentou escrito no que se compromete a prestar os servizos neste período de prórroga polo tempo necesario ata a resolución do recurso nas mesmas condicións nas que viña prestando o mesmo ata a data.

En consecuencia, solicítase ao servizo de Contratación, que formule proposta ao órgano de contratación de prórroga do contrato dos servizos de colaboración nos procedementos de

recadación en período executivo, nos procedementos sancionadores da concellería delegada de mobilidade e seguridade, multas de circulación a actual prestadora do servizo, SERVICIOS DE COLABORACIÓN INTEGRAL, S.L.U. (SCI), polo tempo necesario que permita a resolución definitiva do recurso especial en materia de contratación presentado pola licitadora ASESORES LOCALES CONSULTORÍA, SA, tendo en conta as consideracións motivadoras expostas.”.

-IV-

Medidas a adoptar para garantir a continuidade do servizo

Como expúxose no fundamento xurídico anterior, non é posible formalizar o novo contrato, o que impide garantir a continuidade sen interrupcións da prestación dos servizos obxecto deste contrato.

Esta circunstancia, tal e como se deduce da relación fáctica dos antecedentes, non é imputable a esta Administración, senón que se debe a interposición dun recurso especial en materia de contratación.

Durante a tramitación dun expediente de contratación poden acontecer numerosas vicisitudes que retarden á mesma e impidan que un poder adxudicador dilixente, que tramite coa antelación suficiente como para garantir a continuidade na prestación dun servizo ou subministración, formalice o novo contrato no prazo previsto. Singularmente, dende a regulación no noso ordenamento xurídico do recurso especial en materia de contratación, non é infrecuente que aconteza esta circunstancia tras sucesivas interrupcións do expediente, orixinadas pola interposición dun ou varios recursos especiais. Pois o artigo 45 do TRLCSP establece obrigatoriamente a medida cautelar de suspensión forzosa para o suposto de impugnación da adxudicación, e o artigo 43 a posibilidade de que o tribunal competente para resolver o recurso adopte a mesma nos demais supostos de impugnación do artigo 40 do TRLCSP, durante a substanciación do ou dos mesmo/s.

Para evitar os riscos e os graves prexuízos que carrexaría o non continuar coa prestación do servizo ata a formalización do contrato, período, que é incerto, e podería dilatarse no tempo en función das vicisitudes que acontezan, é necesario buscar unha solución.

A diferenza doutras normas xa derogadas, a vixente normativa de contratación pública non prevé como resolver casos como o que nos ocupa.

No entanto, normas xa derogadas como o Regulamento de contratación das corporacións locais do ano 1953, prevía expresamente unha prórroga forzosa dende o remate do contrato ata que o novo contratista se fixese cargo do servizo, cun prazo máximo de 6 meses, no artigo 93.

Si se prevé na lexislación contractual o principio de continuidade na prestación do servizo para os contratos de xestión de servizos públicos, na actualidade concesión de servizos, tras a entrada en vigor da Directiva 2014/24. Nesta liña, o artigo 128.1.1^a do RS fixa entre as

obrigas do concesionario “Prestar o servizo do modo disposto na concesión ou ordenado posteriormente pola Corporación concedente, ata no caso de que circunstancias sobrevidas e imprevisibles ocasionaren unha subversión na economía da concesión”. Este precepto parece abrir a posibilidade de que ó finalizar o prazo concesional, a Administración poida impoñer ó concesionario continuar realizando as prestacións da concesión en tanto se resolve sobre a continuidade do servizo, prorrogándose, así, a vixencia do contrato polo lapso de tempo necesario para solventar a situación, interpretación que parece acollerse pola xurisprudencia do Tribunal Supremo na sentenza de 18 de novembro de 1986 ó dicir “(...) una situación excepcional en que denunciado el contrato en la forma legalmente establecida y pactada, la Administración por razones de interés público unidas a la necesidad de continuidad del servicio -y mientras no se seleccione al nuevo contratista- impone coactivamente la permanencia del anterior con unas consecuencias equiparables a las producidas cuando la Administración hace uso de las facultades que forman el contenido del «ius variandi», con la ineludible contrapartida de la compensación económica a favor del contratista o concesionario de un servicio público, como es el caso al tratarse de un contrato de limpieza del Hospital Insular”.

Na presente lexislatura, o Congreso dos Diputados aprobou un anteproxecto de lei de contratos do sector público, en data 2 de agosto de 2017, actualmente pendente de aprobación polo Senado. O artigo 29.4 deste proxecto establece que “cando ao vencemento dun contrato non se houbese formalizado o novo contrato que garanta a continuidade da prestación a realizar polo contratista como consecuencia de incidencias resultantes de acontecementos imprevisibles para o órgano de contratación producidas no procedemento de adxudicación e existan razóns de interese público para non interromper a prestación, poderase prorrogar o contrato orixinario ata que comece a execución do novo contrato e en todo caso por un período máximo de nove meses, sen modificar as restantes condicións do contrato, sempre que o anuncio de licitación do novo contrato publicouse cunha antelación mínima de tres meses respecto da data de finalización do contrato orixinario”.

O artigo 35.3 da LCSP, aplicable o presente contrato, regula un suposto de prórroga por razóns de interese público para non interromper a prestación dun servizo para o caso de nulidade dun contrato. Establece este artigo que “Si a declaración administrativa de nulidade dun contrato producise un grave trastorno ao servizo público, poderá dispoñerse no mesmo acordo a continuación dos efectos daquel e baixo os seus mesmas cláusulas, ata que se adopten as medidas urxentes para evitar o prexuízo”. Nesta liña dispón o vixente TRLCSP no artigo 35.3 do TRLCSP que “Si a declaración administrativa de nulidade dun contrato producise un grave trastorno ao servizo público, poderá dispoñerse no mesmo acordo a continuación dos efectos daquel e baixo os seus mesmas cláusulas, ata que se adopten as medidas urxentes para evitar o prexuízo”.

Se ben no presente caso non concorre ningunha causa de nulidade, o certo é que no fondo late o mesmo problema, garantir a continuidade na prestación dun servizo público obrigatoria. Ante a inminencia da finalización do prazo contractual e non terse adxudicado o novo contrato antes da data na que expiren o vixente contrato por mor da suspensión do procedemento de licitación tras a interposición do recurso especial, faise necesario adoptar unha medida que garanta a continuidade na prestación do servizo, evitando os trastornos e perigos que poderían derivarse da interrupción dun servizo fundamental para a Administración municipal como o funcionamento da función recaudatoria co conseguinte

risco de caducidade de procedementos e prescrición de dereitos de cobro co conseguinte quebranto para a facenda municipal. Aplicando analoxicamente este precepto ó caso que nos ocupa, podería autorizarse polo órgano de contratación a continuación do contrato pola empresa que actualmente presta os servizos necesarios para o funcionamento da mesma, ata a formalización do contrato coa empresa que resulte adxudicataria do novo contrato. O contrato deberá continuar nas mesmas condicións que ata a actualidade, pois o contrario implicaría unha modificación contractual adoptada a marxe do procedemento fixado na lei.

-V-

Condicións da continuidade do servizo

Unha vez xustificada a necesidade de prestar os servizos necesarios para o funcionamento da recadación Municipal, e garantir a continuidade na prestación do servizo, resta fixar as condicións nas que deberá producirse a mesma.

A prestación do servizo continuará nas mesmas condicións que durante a vixencia do contrato que agora remata, con excepción do relativo ao prazo.

Respecto ao prazo, as prestacións derivadas dos contratos continuarán executándose polo tempo imprescindible para a resolución do recurso e, no seu caso, a formalización e inicio do novo contrato.

Consta no expediente a conformidade de SERVICIOS DE COLABORACIÓN INTEGRAL, S.-L.U. (SCI), para continuar realizando as prestacións derivadas do contrato nas mesmas condicións.

-VI-

Competencia

A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa calidade de órgano de contratación, previa fiscalización da intervención municipal (artigo 114.3 TRRL apartados 3 e 8 da disposición adicional segunda do TRLCSP).

En mérito ó que antecede, se propón á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte **acordo**:

“1º-. A continuidade de prestación dos servizos derivados do contrato do servizo do servizo de colaboración nos procedementos de recadación en período executivo dos ingresos municipais de Dereito Público e nos procedementos sancionadores en materia de tráfico tramitados polo Concello de Vigo (expediente 10075-541) nas mesmas condicións ata a resolución do recurso e formalización do novo contrato.

2º-. Autorizar e comprometer os gastos derivados da continuidade deste contrato”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

4(1016).- NOMEAMENTO INTERINO POR ACUMULACIÓN DE TAREFAS DE TRES SUBALTERNOS/AS BAIXO A MODALIDADE PREVISTA NO ART. 10.1.D) DO RDL 5/2015 DO 30 DE OUTUBRO, DO TREBEP. EXPTE. 30609/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 27/09/17, dáse conta do informe-proposta do 26/09/17, asinado polo técnico de Organización e Planificación de Recursos Humanos, a xefa da Área de Recursos Humanos e o concelleiro delegado de Xestión municipal e Persoal, que di o seguinte:

1.- ANTECEDENTES

Con data 28 de agosto de 2017, a Xefa de Subalternos, coa conformidade da Area de Réxime Interior, remite oficio manifestando a urxente necesidade de proceder ao nomeamento interino por acumulación de tarefas de tres subalternos/as por mor da situación existente na Unidade pola escaseza de efectivos existentes na mesma para cubrir os servizos nos distintos edificios municipais (Casa do Concello, edificio do Reitorado, etc), debido o incremento de actividades experimentado nos mesmos, agravado polas baixas de enfermidade de longa duración coas que conta na actualidade e, as sete prazas vacantes por xubilación existentes no mesmo.

En resposta a esta petición, o concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, mediante instrución de servizo de data 14 de setembro de 2017 solicitou á Área de Recursos Humanos e Formación o inicio de expediente administrativo para proceder á maior brevidade posible a correspondente proposta de nomeamento interino por acumulación de tarefas á Xunta de Goberno Local de tres subalternos/as por acumulación de tarefas, previsto no artigo 10.1.d). do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, por un período máximo de seis meses, finalizando a relación de servizo transcorrido dito período, xustificada nas necesidades da Unidade de Conserxería, nos termos da petición realizada pola súa responsable de data 2 de xuño de 2017.

En cumprimento do ordenado, con data 26/09/2017, polo técnico que subscribe, formúlase a proposta de gasto e o correspondente informe técnico-económico cuantificativo do estado de execución do Capítulo I do orzamento e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer. En consecuencia, e en cumprimento das previsións legais contempladas na norma indicada, procede a emisión de informe-proposta ao abeiro do establecido no artigo 172 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF).

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

I.- Nomeamento de funcionarios interinos por exceso ou acumulación de tarefas:

Consonte ao artigo 10.1 do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (en diante, TREBEP), os/as funcionarios/as interinos son aqueles/as que, por razóns expresamente xustificadas de necesidade e urxencia, son nomeados/as como tales para o desempeño de funcións propias de funcionarios/as de carreira, cando se dea algunha das circunstancias consignadas no devandito precepto, entre as cales se atopa o exceso ou acumulación de tarefas polo prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses (apartado d). De

igual xeito o apartado 2 establece que a selección de funcionarios interinos farase mediante procedementos áxiles que respectarán en todo caso os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade.

O nomeamento deberá recaer en persoas que reúnan as condicións esixidas para o ingreso no Corpo ó que pertenza o posto de traballo. Dito nomeamento será revocado ademais de polas causas previstas no artigo 63 do EBEP, cando finalice a causa que deu lugar ao seu nomeamento, de acordo co art. 10 apartado 3, neste caso o exceso ou acumulación de tarefas por un prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses.

Os funcionarios interinos percibirán o soldo correspondente ao corpo ao que pertenza a vacante, neste caso (posto cód. 155-Ordenanza/Porteiro, da vixente Relación de Postos de Traballo (RPT), aprobada pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 20 de setembro de 2010 e modificacións puntuais aprobadas con posterioridade.

O artigo 10.6 do TREBEP establece que dito persoal interino cuxa designación sexa consecuencia da execución de programas de carácter temporal ou do exceso ou acumulación de tarefas por prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses, poderá desempeñar os servizos que se lle encomenden na unidade administrativa na que se produza o seu nomeamento ou noutras unidades administrativas nas que desempeñe funcións análogas, sempre que, respectivamente, ditas unidades participen no ámbito de aplicación do citado programa de carácter temporal, co límite de duración sinalado neste artigo, ou estean afectadas pola mencionada acumulación de tarefas.

Así mesmo e de acordo coas Instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito deste Concello, actualizadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 29 de xaneiro de 2016, o recurso ao persoal funcionario interino -ou, de ser o caso, laboral temporal- realizarase unicamente en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais indicados como prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, que deberá acreditar debida e motivadamente o servizo ou unidade peticionaria do efectivo, baixo a responsabilidade da xefatura do servizo correspondente, e requirirá a previa emisión de informe técnico cuantificativo do estado de execución do Capítulo I e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer, o cal deberá ser incorporado ao expediente administrativo.

En canto ao establecemento da xornada e horarios de traballo, a xornada desenvolverase de luns a sábado, en xornada continuada de mañá ou tarde -07,30 a 15,00 e de 14,30 a 22,00, segundo as necesidades do Servizo, garantíndose os períodos de descanso regulamentarios, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de maio de 2013.

II.- Xustificación da necesidade e urxencia:

Segundo consta no escrito da Xefa de Subalternos, que conta coa conformidade da Xefa da Área de Réxime interior de data 28 de agosto de 2017, así coma na instrución do concelleiro delegado de Xestión Municipal de data 14 de setembro actual, no que se ordena o inicio do presente expediente e no informe do funcionario informante, resultou acreditado que o presente é un dos casos excepcionais para cubrir necesidades urxentes e inaprazables das

restrinxidas aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideran prioritarios ou que afectan ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, de acordo co esixido no artigo 19 da Lei 3/2017, de 27 de xuño, de Orzamentos Xerais do Estado para o exercicio 2017, e, de igual xeito, o disposto na Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, en relación coa mesma e, nas instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito do Concello de Vigo derivadas da aplicación das previsións contidas as anteriores leis, aprobadas pola Xunta de Goberno Local, nas súas sesións de data 20 de xuño e 29 de agosto de 2014 e que foron actualizadas na sesión do mesmo Órgano de 29 de xaneiro de 2016, expte. 27576/220 a propósito da clarificación das competencias das Entidades Locais distintas das propias e das atribuídas por delegación, considerándose a prestación deste servizo como un servizo público interno, de carácter transversal que vai permitir a atención dos edificios da casa do concello, tratándose de tarefas imprescindibles para o normal desenvolvemento das súas actividades e a conseguinte información e atención aos cidadáns, sendo as súas funcións as previstas na guía de funcións do posto de subalterno e, as previstas no artigo 169.1 .e) do Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, considerándose a prestación deste Servizo, dependente da Área de Réxime Interior, como servizo público esencial, infórmase favorablemente aos devanditos nomeamentos, tendo en conta a minoración que supón nos créditos correspondentes a postos vacantes.

A urxencia dos nomeamentos propostos queda acreditada no escrito de petición da Xefa de Subalternos en escrito de data 28 de agosto de 2017, conformado pola Xefa da Área de Réxime interior, que figura no expediente.

III. - Proposta de gasto:

De cordo co informe económico que consta no expediente, o nomeamento interino proposto por un período máximo de seis meses, de tres subalternos/as para a Unidade de Conserxeira, supón un gasto de 31.387,19€, dos que 15.693,60 corresponden ao ano 2017 e 15.693,59 ao vindeiro exercicio 2018, e ao que haberá que engadirse a cantidade de 6.852,87 € en concepto de Seguridade Social a cargo da Empresa.

O referido gasto imputarase con cargo a partida orzamentaria 920.0.140.00.00 "outras modalidades de nomeamento persoal non permanente", prevista no vixente orzamento 2017 aprobado para o vixente exercicio, dentro do Capitulo I de gastos.

IV. - Verificación das listas de reserva:

Nas bases xerais correspondentes á Oferta de Emprego correspondente ao ano 2008, aprobadas pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de 28 de maio, 5 de agosto e 24 de setembro de 2010, BOP de 19 de xullo de 2010 e DOG de 17 de novembro de 2010, acordouse expresamente que "os/as aspirantes que superen tódalas probas de que consta o proceso selectivo convocado sen dereito a obter praza, formarán parte dunha lista de substitucións, ordenada en función da puntuación obtida (de maior a menor cualificación final obtida) aos efectos de poder ser hipoteticamente nomeados interinamente como funcionarios/as interinos/as polas circunstancias previstas no artigo 10.1 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, e normativa de concordante aplicación e da lexislación vixente."

A Xunta de Goberno Local, na súa sesión do 18 de decembro de 2015 aprobou uns novos criterios de xestión das listas de reserva derivadas da execución das ofertas de emprego público e convocatorias públicas de emprego do Concello de Vigo (expte. 26797/220), modificados puntualmente en cumprimento do acordado pola Comisión de Seguimento das listas, mediante acordo da Xunta de Goberno Local, na súa sesión extraordinaria e urxente de data 3 de febreiro de 2016 (expte 27642/220), establecendo un réxime transitorio co seguinte tenor literal: "VII.- RÉXIME TRANSITORIO.- En canto á limitación temporal de 3 anos de vixencia das listas, o presente acordo terá efectos naquelas listas de reserva derivadas de procesos de selección de persoal que se realicen con posterioridade á data de adopción do mesmo, quedando as listas preexistentes suxeitas a un límite temporal de 3 anos como máximo", a contar dende a data de adopción do referido acordo. Ditas normas foron modificadas novamente segundo acordo coa Comisión de Seguimento das listas, mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 22/07/2016, expte, 28442/220 en canto a número mínimo de temas por grupos de función e no que respecta aos membros/as da Comisión de Seguimento da utilización de listas.

Segundo consta no informe técnico-económico que obra no expediente, en execución da última oferta de emprego público do 2008 deste Concello tiveron lugar as probas selectivas para a cobertura como funcionarios/as de carreira de 11 prazas de subalterno/a de Administración Xeral, pola quenda libre, figurando na acta do tribunal de data 11 de xaneiro de 2012 a correspondente proposta de nomeamento, tomando posesión das súas prazas como funcionarios/as de carreira con data 1 de febreiro seguinte, tralo nomeamento pola Xunta de Goberno Local de 27 de xaneiro anterior.

Na referida proposta do Órgano de Selección, figura a relación dos/das 44 aspirantes que a efectos do previsto no artigo 61.8 do TREBEP, tendo superadas todas e cada unha das probas de que constou a oposición, e, de conformidade coas bases xerais da convocatoria, pasan a formar parte dunha lista de substitucións ordenada en función da puntuación obtida, de maior a menor, aos efectos de poder ser nomeados/as ou contratado/a/s como persoal interino ou laboral.

De acordo co anterior, e segundo o informe do técnico de Organización e Planificación de data 11/07/2017, seguindo estritamente a orde da lista e consultados os datos que obran na Área de Recursos Humanos e Formación, corresponde o nomeamento como subalternos/as dos/das aspirantes que figuran nas posicións núms. 8-DAVILA MOLDES, MARÍA JESÚS, DNI *****427-J, 9-LORENZO RAMÍREZ, MARÍA ARÁNZAZU, DNI *****602-C e 11-CAMESELLE ABALDE, GUILLERMO, DNI *****845-M, que aceptaron expresamente mediante escritos de data 15 de setembro actual, optar ao referido nomeamento interino por acumulación de tarefas segundo o disposto no artigo 10.1 .d) do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, acreditando neste Área de Recursos Humanos os requisitos e demais condicións para o desempeño do posto.

V. - Competencia:

De conformidade co réxime de atribucións en materia de persoal e xestión económica do mesmo contemplado na Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local, reflectidas no artigo 127.1 g) e h) da norma indicada; e nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita; previa a conformidade da xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e do Sr.

Concelleiro-Delegado da Area de Xestión Municipal, nos termos das delegacións competenciais efectuadas en datas 19/06/2015 e 30/12/2016, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte:

PROPOSTA DE ACORDO:

PRIMEIRO: Declarar a urxencia no nomeamento de tres funcionarios/as interinos/as por acumulación de tarefas, como subalternos/as, ao abeiro do exposto no artigo 10.1.d) do TREBEP, por un período máximo de seis meses, finalizando a relación de servizo transcorrido dito período, xustificada nas necesidades da Unidade de Conserxería, contidas no escrito do 2 de xuño de 2017 e, en consecuencia, autorizar o gasto por importe de 31.387,19€, dos que 15.693,60 corresponden ao ano 2017 e 15.693,59 ao vindeiro exercicio 2018, xunto aos custos de Seguridade Social reflectidos no informe técnico, con cargo á partida orzamentaria 920.0.140.00.00, para facer fronte aos referidos nomeamentos.

SEGUNDO: Nomear como funcionarios/as interinos/as por acumulación de tarefas por un período máximo de seis meses, a D^a. MARÍA JESÚS DAVILA MOLDES, DNI *****427-J, D^a. MARÍA ARÁNZAZU LORENZO RAMÍREZ, DNI *****602-C e, D. GUILLERMO CAMESELLE ABALDE, DNI *****845-M, na súa condición de seguintes aspirantes na lista que superaron todos os exercicios da oposición na última convocatoria para a provisión de prazas de Subalternos/as de Administración Xeral, incluídas na Oferta de Emprego Público correspondente ao ano 2008, de conformidade coas bases xerais da mesma.

TERCEIRO: Dispoñer que os referidos nomeamentos faranse de conformidade co disposto no Art. 10.1.d) do TREBEP, rematando cando transcorran os seis meses dende a data do nomeamento nos termos legalmente previstos, percibindo como retribucións o importe do soldo, retribucións complementarias e a parte proporcional da paga extraordinaria do posto Cód. 155-Subalterno/a, sendo adscritos/as á Unidade de Conserxería (cód. 201), sen prexuízo de que conformidade co disposto no artigo 10,6 do TREBEP, poida desempeñar as súas funcións noutros servizos municipais, para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideren prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais.

CUARTO: Establecer que a xornada laboral do/das funcionario/as interino/as nomeado/as desenvolverase de luns a sábado, en xornada continuada de mañá ou tarde -07,30 a 15,00 e de 14,30 a 22,00-, segundo as necesidades do servizo que garantan os seus períodos de descanso regulamentarios, dacordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de maio de 2013.

QUINTO: Notificar o presente acordo ó/ás aspirantes nomeado/as, á Xefa da Área de Réxime Interior, á Xefa de Subalternos, á Intervención Xeral, á Xefa de Negociado de Seguridade Social, ao persoal técnico da Área de Recursos Humanos e Formación e, ao Comité de Persoal, aos efectos oportunos.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto

administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

5(1017).- CLASIFICACIÓN DE OFERTAS PARA A CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE SUBSTITUCIÓN DE FIRMES DE VÍAS EN CONTORNOS PATRIMONIAIS NAS DIFERENTES PARROQUIAS DO CONCELLO DE VIGO (LOTES 2 E 3). EXPTE. 4653/440.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta da proposta asinada con data 28/09/17 pola secretaria da Mesa de Contratación, que di o seguinte:

A Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na súa sesión de data 28 de setembro de 2017, realizou entre outras, as seguintes actuacións:

10.- Propostas de clasificación

c) Procedemento aberto para a contratación das obras de substitución de firmes de vías en contornos patrimoniais nas diferentes parroquias do Concello de Vigo (4.653-440) (LOTES 2 e 3)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª TRLCSP), a adopción do seguinte acordo:

“Primeiro.- Excluir deste procedemento aos seguintes licitadores, por conter as súas ofertas valores anormais ou desproporcionados, sen que se tivesen xustificado, ben porque non presentaron xustificación ningunha en prazo ou porque non se cumpren os requisitos para consideralas xustificadas consonte o informe asinado polo xefe de Vías e Obras e Infraestruturas e o enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos o 25 de setembro de 2017:

1. FEVISA VÍAS Y OBRAS, S.L. (lote nº 2)
2. HORDESCON, S.L. (lote nº 3)

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas nos lotes nº 2 “Vigo Norte” e 3 “Vigo Sur” deste procedemento aberto para a contratación das obras de substitución de firmes de vías en contornos patrimoniais nas diferentes parroquias do Concello de Vigo (4.653-440) na seguinte orde descendente:

Lote nº 2 “Substitución de firmes de vías en contornos patrimoniais. Vigo Norte”:

	Licitadores	% Baixa	Prezo ofertado
1	NEXIA INFRAESTRUCTURAS, S.L.U.	43,26	176.750,18 €
2	ASFALGAL TECNICAS VIARIAS, S.L.	42,13	180.270,23 €
3	HORDESCON, S.L.	42,03	180.581,74 €

	Licitadores	% Baixa	Prezo ofertado
4	ELECNOR INFRAESTRUCTURAS	40,11	86.562,71 €
5	ELSAMEX, S.A.	38,85	190.487,72 €
6	NEMESIO ORDOÑEZ, S.A.	36,28	98.493,51 €
7	CONSTRUCCIONES VALE, S.L.	34,33	204.567,93 €
8	CONSTRUCCIONS, OBRAS E VIAIS, S.A.	33,10	208.399,50 €
9	MISTURAS, S.A.	31,72	212.697,43 €
10	CONSTRUCCIONES TABOADA Y RAMOS, S.L.	31,01	214.910,04 €
11	OBRAS, CAMINOS Y ASFALTOS, S.A.	30,03	217.962,82 €
12	OBRAS PAVIMENTOS E INSTALACIONES INDUSTRIALES, S.L.	29,13	220.766,40 €
13	MOVIMIENTO DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.	28,70	222.105,79 €
14	NAROM, S.L.	28,40	23.040,41 €
15	CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.U.	27,24	226.653,92 €

Lote nº 3 "Substitución de firmes de vías en contornos patrimoniais. Vigo Sur":

	Licitadores	% Baixa	Oferta económica
1	NEXIA INFRAESTRUCTURAS, S.L.U.	42,97	163.328,03 €
2	ASFALGAL TECNICAS VIARIAS, S.L.	42,07	165.905,53 €
3	FEVISA VIAS Y OBRAS, S.L.	42,03	166.020,08 €
4	ELECNOR INFRAESTRUCTURAS	40,09	171.576,04 €
5	ELSAMEX, S.A.	37,80	178.134,37 €
6	NEMESIO ORDOÑEZ, S.A.	34,21	188.415,76 €
7	CONSTRUCCIONES TABOADA Y RAMOS, S.L.	34,01	188.988,53 €
8	CONSTRUCCIONS, OBRAS E VIAIS, S.A.	33,75	189.733,15 €
9	OBRAS, CAMINOS Y ASFALTOS, S.A.	32,23	194.086,27 €
10	CONSTRUCCIONES VALE, S.L.	32,00	194.744,97 €
11	MOVIMIENTO DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.	31,91	195.002,63 €
12	OBRAS PAVIMENTOS E INSTALACIONES INDUSTRIALES, S.L.	31,13	197.236,56 €
13	CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.U.	30,80	198.181,64 €
14	NAROM, S.L.	29,43	202.105,17 €
15	EXTRACO, S.A.	28,72	204.137,89 €

Terceiro.- Requerir ao licitador clasificado en primeiro lugar nos lotes nº 2 e 3, NEXIA INFRAESTRUCTURAS, S.L.U., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. Certificacións de estar ao corrente das súas obrigas tributarias co Estado, coa Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.
3. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
4. Resguardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.

5. Resguardo da garantía complementaria do 5% do importe de adxudicación sen IVE, esixible de acordo co disposto no apartado 10B do Anexo I -FEC- do PCAP (“no suposto de que a oferta adxudicada se corresponda cunha oferta cualificada inicialmente como en presunción de oferta anormal ou desproporcionada, e fora xustificada adecuadamente e admitida para a súa valoración”).

Cuarto.- Requirir ao citado licitador o aboamento de 859,84 euros (429,92 euros por cada lote) en concepto de custos dos anuncios de licitación”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a precedente proposta.

6(1018).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE CUBRICIÓN DO PATIO DO COLEXIO CARBALLAL. EXPTE. 4859/440.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico de data 20/09/17, o informe de fiscalización do 28/09/17, dáse conta do informe-proposta de 21/09/17, asinado polo xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario, o xefe da Área de Investimento, o concelleiro delegado da Área de Fomento e o concelleiro delegado de Orzamentos e Facenda:

ANTECEDENTES

I.- O orzamento municipal, aprobado definitivamente polo Concello-Pleno, en sesión de 27 de decembro de 2016, recolle dentro do programa “funcionamento de centro docentes de ensinanza” a aplicación orzamentaria 3230.6220005 “Cubrición de patios de colexios”.

II. Para levar a cabo esta actuación o Concelleiro Delegado de Fomento (competente en virtude do Decreto do Alcalde-Presidente de data 13.01.2017), por resolución de 08.02.2017, autorizou o contrato menor de servizos e o gasto para a redacción do proxecto de obras necesario para a súa execución, a prol da arquitecta Dna. Iria Urdampilleta Pérez.

III.- Unha vez entregado o mesmo, a Xunta de Goberno Local en sesión de data 7 de setembro de 2017 acordou aprobar o “Proxecto básico e de execución de cubrición do patio do Colexio Carballal, redactado pola Arquitecta Dna. Iria Urdampilleta Pérez, cun orzamento base de licitación, máis IVE, de TRESCENTOS TRINTA E CINCO MIL CINCOCENTOS COARENTA E CATRO EUROS CON SETE CÉNTIMOS (335.544,07 €) e data xullo de 2017.

- a) No expediente de contratación consta a documentación que segue:
- b) Ao expediente administrativo de contratación achégase o expediente núm. 3576/443 correspondente ao proxecto de obras, aprobado pola XGL en sesión do 07,09.2017 de cuxa execución se trata. No dito proxecto de obras figura, como integrante do mesmo, o prego de prescricións técnicas particulares da execución da obra, repola Arquitecta Dna. Iria Urdampilleta Pérez.
- c) Informe de Xustificación da necesidade e idoneidade do contrato asinada polo Enxeñeiro municipal de camiños,m Canais e Portos e o Xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario da Concellería de Fomento de 31 de agosto de 2017.
- d) Resolución de inicio do expediente de contratación asinada polo Concelleiro Delegado da Área de Fomento de data 04.09.2017

- e) Acta de replanteo asinada polo Enxeñeiro municipal de Camiños, Canais e Portos de data 11.09.2017.
- f) Informe da Xefa do Servizo de Contratación indicando que o expediente reúne a documentación esixida pola lexislación vixente en materia de contratación pública de data 11.09.2017.
- g) Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, asinado pola Xefa do Servizo de Contratación, de data 11.09.2017
- h) Informe favorable da Asesoría Xurídica de data 20.09.2017.

II.- Fundamentos técnicos e xurídicos.

Primeiro.- A iniciación do expediente de contratación corresponde ao Órgano de Contratación (artigo 109.1 TRLCS), que nos municipios de grande poboación, como é o de Vigo, é a Xunta de Goberno Local (disposición adicional 2ª. 3 TRLCSP) e, por delegación deste (acordo da Xunta de Goberno Local de 15 de xullo de 2013), aos concelleiros de Area.

Segundo.- O expediente refírese á totalidade do obxecto do contrato e nel, e no expediente que o acompaña, constan as actuacións preparatorias do contrato de obras, esixidas polo artigo 121 TRLCSP —elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do proxecto— así como o prego de cláusulas administrativas particulares e o de prescricións técnicas, reitores do contrato, esixidos polo artigo 109 do mesmo texto.

Terceiro.- Consta na memoria xustificativa elaborada polo servizo xestor a xustificación dos requisitos esixidos pola D.A. 6ª da LO 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira e disposición adicional 16ª do TRLRFL.

Cuarto.- No expediente xustifícase o procedemento elixido para a contratación, así como os criterios que se terán en conta para a adxudicación do contrato; criterios que se refiren ás características do obxecto do contrato e nos que se da preponderancia a aqueles que poden valorarse mediante cifras ou porcentaxes obtidos a través de fórmulas matemáticas establecidas no PCAP reitor do contrato.

Quinto.- A Asesoría Xurídica, emitiu o informe esixido pola D.A. Segunda, apartado 7 TRLCSP en sentido favorable, sen prexuízo da fiscalización que do mesmo corresponda facer a Intervención Xeral.

Séxto.- A aprobación do expediente de contratación correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (D.A. Segunda, apartado 3 TRLCSP), unha vez se incorpore ao mesmo o documento contable acreditativo da existencia de crédito adecuado e suficiente para financiación das obras e o informe favorable de fiscalización a Intervención Xeral, de conformidade co previsto no artigo 109.3 do TRLCSP.

Por todo o exposto, e unha vez se incorporen ao expediente o documento contable e o informe de fiscalización que van ditos, propónse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

Primeiro: Aprobar a contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria das obras do proxecto básico e de execución das OBRAS DE CUBRICIÓN DO PATIO DO COLEXIO CARBALLAL, data xullo de 2017.

Segundo: Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares que rexerá a contratación, redactado pola Xefa do Servizo de Contratación, de data 11.09.2017.

Terceiro: Autorizar o gasto por importe máximo de TRESCENTOS TRINTA E CINCO MIL CINCOCENTOS CORENTA E CATRO EUROS CON SETE CÉNTIMOS (335.544,07€) CON IVE), sendo o importe corresponde ao IVE de 58.234,92 €

Para a súa financiación aplicaranse os créditos do vixente orzamento do Concello de Vigo, incluídos na aplicación orzamentaria 3230.6220005 "Cubrición de patios de colexios", a cal cumpre a condición de crédito suficiente e adecuado. Trátase dunha actuación de carácter plurianual, polo cal correspóndelle a seguinte distribución de anualidades:

Exercicio 2017: 264.971,19 euros

Exercicio 2018: 70.572,88 euros

Cuarto: Para posibilitar a execución do proxecto, conforme ao plan de obra previsto e ás disponibilidades orzamentarias, modifícanse as porcentaxes de gastos establecidas para os importes plurianuais, en base ao disposto no artigo 174 do RDL 2/2004 de 5 de marzo que aproba o texto refundido da Lei de Facendas Locais, quedando establecido respecto ao previsto no presente exercicio para a segunda anualidade nun 26,63 %.

Quinto: Abrir o procedemento licitatorio para selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás doce horas e vinte minutos. Como secretaria dou fé.

me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,
Olga Alonso Suárez.

O ALCALDE
Abel Caballero Álvarez